

As cousas neste Concello,
cada vez estan peor, xa
veremos si algún dia,
se poñen algo mellor

Que Mondoñedo vai mal
calquera o podé entender
basta con ver o comercio
que a punto está de morrer.

Pola rúa non ves xente
non hay nin con quen falar
como a cousa non mellore
non sei o que vai pasar.

Ven deitamos de Isidro, e
de Finsa pa vivir,
o dia que falten estes,
limosna habra que pedir.

Outra cousa xa non temos,
donde poidas traballar, a
este paso meus nenos
vamos a ter que emigrar.

O centro queda baleiro
nin Dios se aireve a falar,
do problema no Concello
non se queren enterar.

Todo se volve facer pisos,
este "chollo" debe dar,
por eso certo señor,
no negocio quere entrar.

Teño un amigo e veciño
que o pobre quería comprar
unha finca po seu fillo,
por si ten que retornar.

Por San Lázaro e o Coto
andubo o home mirando,
pero o final unha terra,
puido acabar encontrando.

Foi a falar con "Jorgito,"
pa poderlle preguntar,
si nesa terra que vira,
poderia edificar

Esa es "Zona Paisajística,"
no te deixar edificar,
esa vos foi a resposta,
que lle puido Jorge dar.

O pobre voltou pa casa sin
ganas xa de falar,
porque sin terra nin casa,
o fillo se vai quedar.

Pa facer unha casaña,
polo aro tes que entrar,
si non entras tas poído,
e nada vas a ganar.

E mellor non facer nada,
pa outro Concello marchar,
antes de andar de rodillas,
por non ter con que falar.